

Anuncio do 17 de xuño de 2026, da Axencia Galega de Infraestruturas, polo que se somete a información pública o expediente de cambio de clase do treito da estrada AG-57-N, AG-57 - Praia América (PO-325) entre os PK 3+020 e PK 3+820.

En relación ao expediente de cambio de clase do treito da estrada AG-57-N, AG-57 - Praia América (PO-325) entre os PK 3+020 e PK 3+820, ao abeiro da resolución do 15 de xuño de 2026, da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, e de conformidade co procedemento establecido no artigo 10 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio, sométese o antedito expediente a un trámite de información pública que se levará a cabo durante un prazo de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación do presente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Os documentos que se someten a información pública son a proposta de cambio de clase do treito da estrada AG-57-N, AG-57 - Praia América (PO-325) entre os PK 3+020 e PK 3+820, elaborada pola Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria do 11 de xuño de 2026, que inclúe a xustificación do cambio de clase da estrada en cuestión e os planos que describen e delimitan as súas características xeométricas e indican a repercusión do cambio nas zonas de dominio público e protección da estrada así como na liña límite de edificación, e a antedita resolución do 15 de xuño de 2026, da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas.

A documentación que forma o expediente estará a disposición da cidadanía, en días e horas hábiles de oficina, nos locais da Axencia Galega de Infraestruturas en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra (Avda. M^a Victoria Moreno, 43, 1^o), e na Casa do Concello de Nigrán (Praza da Constitución s/n, 36350 Nigrán), así como na páxina web oficial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da seguinte dirección:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/outros>

As alegacións presentadas neste procedemento deberán versar sobre a xustificación de que a estrada, ou o seu treito, reúne os requisitos necesarios para que sexa modificada a súa clasificación na forma proposta no expediente.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas

María Deza Martínez
(documento asinado dixitalmente)

